

CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 16 DE FEBREIRO DO 2017.

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde) Membros que asisten: D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D^a Elvira Pereira Ageitos D^a María Esther Patiño Rey D. Anxo Orellan Fernández D^a María Herminia Pouso Maneiro D. Víctor Reiriz Lampón D. Antonio Javier Jesús Freire Brión	Interventor: D. Jorge González Mariño, Técnico de Xestión do Departamento de Intervención, Interventor acctal. (Decreto 20-05-11) Secretario Xeral D. Juan Manuel Salguero del Valle Membros que non asisten: -----
--	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e cincuenta minutos do día dezaseis de febreiro do dous mil dezasete, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Non se presenta ningún acta para a súa aprobación.

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 14/02/2017, que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido, e que responde ao seguinte resumo:





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego


Número de relación	2017 - 000004
Importe total	124.522,01 €
Número de facturas	153
1ª factura.	
Emisor (Cif)	14782354R
Importe	253,42 €
Última factura	
Emisor (Cif)	R1500069H
Importe	90,00 €

B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta		1	Data	01/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO		Proxecto: "Programa educativo baseado na intelixencia emocional" para a mellora na calidade da ensinanza impartida no Conservatorio Municipal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	LIIBÉLULA, S.C.P.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	LIIBÉLULA, S.C.P.			
NIF/CIF:	J94124013			
Importe (IVE Incluído):	605,00 €			
Observacións:				

Nº Proposta		2	Data	07/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO		Adquisición de 50 exemplares do libro “Versos Diversos” do autor riveirense Ignacio Lens para seren distribuídos nos centros educativos e Biblioteca Municipal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ENSANTIAGO, S.C.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	ENSANTIAGO, S.C.			
NIF/CIF:	J70494794			
Importe (IVE Incluído):	749,84 €			
Observacións:				





CONCELLO
DE
RIVERIA
(A CORUÑA)


Declarado Municipio Turístico Galego

Nº Proposta		3	Data	14/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Departamento de Comunicación Abdón Dorca Santos		
DESCRICIÓN DO GASTO		Publicación dunha páxina a cor en edición Barbanza (26/02/2017) e de media páxina a cor en edición Galicia (19/03/2017) co motivo de sendos monográficos conmemorativos		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	LA VOZ DE GALICIA, S.A.			
NIF/CIF:	A15000649			
Importe (IVE Incluído):	1.331,00 €			
Observacións:				

Nº Proposta		4	Data	13/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO		Inspección técnica do vehículo E2581BFT e mantemento de 2000 horas		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	NEUMÁTICOS TINO, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	NEUMÁTICOS TINO, S.L.			
NIF/CIF:	B15244619			
Importe (IVE Incluído):	1.411,97 €			
Observacións:				

Nº Proposta		5	Data	13/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO		Catro contenedores para recollida de entullos vertidos en Frións, en parcela municipal.		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.			
NIF/CIF:	A15146608			
Importe (IVE Incluído):	528,00 €			
Observacións:				

Nº Proposta	6	Data	09/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Adquisición de 6 carros semi-novos roll tainer con capacidade para 50 cadeiras, para facilitar as tarefas de traslado, recollida e almacenaxe de cadeiras para atender as necesidades das distintas actividades da programación cultural (Inclúeportes de		






CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego


		entrega)	
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	CARMELO SOLUCIONES TÉCNICAS E INDUSTRIALES, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	CARMELO SOLUCIONES TÉCNICAS E INDUSTRIALES, S.L.		
NIF/CIF:	B61091336		
Importe (IVE Incluído):	632,83 €		
Observacións:			

Nº Proposta		7	Data	13/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Directora do CIM Mª Dolores Crujeiras Bringas		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de ramos de flores (10+40) co motivo da celebración do Día Internacional da Muller Traballadora		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	RAMONA PÉREZ DOMÍNGUEZ	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	RAMONA PÉREZ DOMÍNGUEZ			
NIF/CIF:	33256546H			
Importe (IVE Incluído):	801,35 €			
Observacións:				

Nº Proposta		8	Data	13/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Directora do CIM Mª Dolores Crujeiras Bringas		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de material de papelería (cartulinas, impresións tarxetas e rotulación) co motivo da celebración do Día Internacional da Muller Traballadora		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	DOSTEX, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		DOSTEX, S.L.		
NIF/CIF:		B15944002		
Importe (IVE Incluído):		257,30 €		
Observacións:				

Nº Proposta	9	Data	08/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Xuventude e Deportes Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO	Espectáculo de luz e son a cargo de Dj para a actividade de Dinamización da mocidade na carpa municipal da Rúa de Galicia, incluída na programación de Entroido da Concellería de Xuventude 2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ÓSCAR ROMERO MARTÍNEZ
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ÓSCAR ROMERO MARTÍNEZ		






CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego


NIF/CIF:	52932383E
Importe (IVE Incluído):	181,50 €
Observacións:	

Nº Proposta		10	Data	14/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Deportes Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de material diverso para as divisións de rúas e anclaxes da Piscina Municipal, para a súa substitución polo seu deterioro		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ELKSPORT DISTRIBUCIONES, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	ELKSPORT DISTRIBUCIONES, S.L.			
NIF/CIF:	B50301217			
Importe (IVE Incluído):	1.106,93 €			
Observacións:				

Nº Proposta	11	Data	07/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Celebración de dous obradoiros “Showcooking, masterchef e obradoiro de cociña de entroido”, co motivo da celebración do Entroido 2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	CARMEN VIDAL SUÁREZ
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	CARMEN VIDAL SUÁREZ		
NIF/CIF:			
Importe (IVE Incluído):	907,50 €		
Observacións:			

Nº Proposta	12	Data	07/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Actuación de charanga os días 24, 25, 26, 27 e 28/02/2017 e 01/03/2017, co motivo da celebración do Entroido 2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ASOCIACIÓN CHARANGA O'SANTIAGUIÑO
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ASOCIACIÓN CHARANGA O'SANTIAGUIÑO		
NIF/CIF:	G70162409		
Importe (IVE exento):	3.300,00 €		
Observacións:			





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)


Declarado Municipio Turístico Galego


Nº Proposta	13	Data	07/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Actuación de charanga os días 25, 27 e 28/02/2017, co motivo da celebración do Entroido 2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ASOCIACIÓN MUSICAL CHARANGA PONMUNKINTO
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ASOCIACIÓN MUSICAL CHARANGA PONMUNKINTO		
NIF/CIF:	G70369855		
Importe (IVE exento):	1.650,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta		14	Data	07/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO		Actuación de charanga o día 27/02/2017, co motivo da celebración do Entroido 2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ASOCIACIÓN CELTAS DE A BAÑA	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	ASOCIACIÓN CELTAS DE A BAÑA			
NIF/CIF:	G70112065			
Importe (IVE exento):	650,00 €			
Observacións:				

Nº Proposta		15	Data	07/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO		Servizo de tren turístico, co motivo da celebración do Entroido 2017		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- PEKEXOGO ANIMACIÓN E OCIO, S.L. - VÁZQUEZ, S.C.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	PEKEXOGO ANIMACIÓN E OCIO, S.L.			
NIF/CIF:	B70239439			
Importe (IVE incluído):	1.391,50 €			
Observacións:				

Nº Proposta	16	Data	07/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo e realización da actividade EnReda no Entroido, co motivo da celebración do Entroido 2017		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L. - FERNANDA CORES CES
Informe:			






CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.		
Denominación:	GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L.	
NIF/CIF:	B70072905	
Importe (IVE incluído):	2.321,68 €	
Observacións:		

Nº Proposta		17	Data	07/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de xogos variados, co motivo da celebración do Entroido 2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	OS NENOS, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		OS NENOS, S.L.		
NIF/CIF:	B15688682			
Importe (IVE incluído):	249,97 €			
Observacións:				

Nº Proposta	18	Data	07/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Actuación de dúo musical o 26/02/2017 durante a celebración do “Baile dos nosos maiores”, co motivo da celebración do Entroido 2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ESPECTÁCULOS A CANTARUXA, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ESPECTÁCULOS A CANTARUXA, S.L.		
NIF/CIF:	B70377924		
Importe (IVE incluído):	500,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta		19	Data	07/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO		Realización de dous cheques montados en cartón pluma para gañadores do Festival de Murgas e Comparsas e subministración de 6 lotes de agasallos serigrafiados, co motivo da celebración do Entroido 2017		
Nº orzamentos aportados	4	Provedores	- DOSTEX, S.L. - MARÍA MARTÍNEZ VILAR - FRANCISCO J. BESADA MOLINA - SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		DOSTEX, S.L.		
NIF/CIF:		B15944002		
Importe		236,07 €		





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego


(IVE incluído):	
Observacións:	


Nº Proposta		20	Data	07/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO		Aluguer de 300 cadeiras con transporte, colocación e retirada para o Festival de Murgas e Comparsas, co motivo da celebración do Entroido 2017		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- CARPAS PONTEVEDRA, S.L. - MANUEL ABUÍN VICENTE	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	CARPAS PONTEVEDRA, S.L.			
NIF/CIF:	B94077633			
Importe (IVE incluído):	363,00 €			
Observacións:				

Nº Proposta		21	Data	07/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO		Aluguer de escenario de 9x6 m., equipo de son e iluminación, e asistencia técnica para o Festival de Murgas e Comparsas, co motivo da celebración do Entroido 2017		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- JUAN MANUEL PÉREZ PÉREZ - ÓSCAR ROMERO MARTÍNEZ - BANDÍN AUDIO, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		JUAN MANUEL PÉREZ PÉREZ		
NIF/CIF:		52936417P		
Importe (IVE incluído):		2.078,78 €		
Observacións:				

Nº Proposta	22	Data	07/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de pirotecnia para o Enterro do Felipe, co motivo da celebración do Entroido 2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PIROTECNIA RICARDO RESÚA, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	PIROTECNIA RICARDO RESÚA, S.L.		
NIF/CIF:	B15367592		
Importe (IVE incluído):	922,02 €		
Observacións:			

Nº Proposta	23	Data	07/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)


Declarado Municipio Turístico Galego

DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 800 orellas, 800 bolos preñados e 800 rosquillas para o Enterro do Felipe, co motivo da celebración do Entroido 2017	
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- ENRIQUE FRANCISCO DIOS - FORNO DE CASTIÑEIRAS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ENRIQUE FRANCISCO DIOS		
NIF/CIF:	52456970L		
Importe (IVE incluído):	962,40 €		
Observacións:			

Nº Proposta	24	Data	07/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de augas e refrescos para o Enterro do Felipe, co motivo da celebración do Entroido 2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	BODEGAS LA PARRA, S.A.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	BODEGAS LA PARRA, S.A.		
NIF/CIF:	A15134489		
Importe (IVE incluído):	162,33 €		
Observacións:			

Nº Proposta		25	Data	07/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de menaxe e outro material desechable (vasos, pratos,...) para o Enterro do Felipe, co motivo da celebración do Entroido 2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	GABRIEL BARREIRO DOMÍNGUEZ	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		GABRIEL BARREIRO DOMÍNGUEZ		
NIF/CIF:		76506532E		
Importe (IVE incluído):		124,58 €		
Observacións:				

Nº Proposta	26	Data	07/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo preventivo sanitario o 26 e 28/02/2017 e 01/03/2017, co motivo da celebración do Entroido 2017.		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	AMBULANCIAS DO NORDÉS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:		AMBULANCIAS DO NORDÉS, S.L.	





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego


NIF/CIF:	B15991417
Importe (IVE incluído):	470,00 €
Observacións:	

Nº Proposta		27	Data	07/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO		Servizo de carga, traslado e retirada de diferentes elementos, co motivo da celebración do Entroido 2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ADER RECURSOS HUMANOS E.T.T., S.A.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	ADER RECURSOS HUMANOS E.T.T., S.A.			
NIF/CIF:	A15469406			
Importe (IVE incluído):	374,54 €			
Observacións:				

Nº Proposta		28	Data	07/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO		Servizo técnico de acometidas eléctricas na Praza de España para o Festival de Murgas e Comparsas, co motivo da celebración do Entroido 2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	FERROVIAL SERVICIOS, S.A.	
Informe:	Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (06/02/2017)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		FERROVIAL SERVICIOS, S.A.		
NIF/CIF:	A80241789			
Importe (IVE incluído):	181,50 €			
Observacións:				

Nº Proposta	29	Data	07/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Autorización de gastos en concepto de imprevistos destinados a conceptos que puideran xurdir durante o desenvolvemento da programación do Entroido 2017		
Nº orzamentos aportados		Provedores	
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:			
NIF/CIF:			
Importe:	1.000,00 €		
Observacións:			





ACHEGAS CONCEDIDAS POLO CONCELLO.

1.- CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DESTINADAS Á PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS. EJERCICIO 2016.


Vista a proposta de reparto de subvencións destinadas á promoción de actividades deportivas. Exercicio 2016, presentada polo Concelleiro Delegado de Deportes, Anxo Orellán Fernández, de data 14/02/2017.

Vista a proposta de ampliación do prazo de xustificación das subvencións destinadas á promoción de actividades deportivas. Exercicio 2016, presentada polo Presidente da Comisión Avaliadora da citada convocatoria de subvención, Anxo Orellán Fernández, de data 14/02/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

a) Aprobar o pagamento de subvencións destinadas á promoción de actividades deportivas. Exercicio 2016, según o contido da documentación que consta no expediente, resultando a relación de beneficiarios de subvención tal como segue no seguinte cadro resumo:

CLUB/ENTIDADE	SUBVENCIÓN
CLUB NATACION RIVEIRA	6.075,23 €
TRI 498	2.000,00 €
CARREIRA CF	4.210,82 €
ATL RIVEIRA	7.112,76 €
PADEL RIVEIRA	853,64 €
KENPO RIVEIRA	3.024,73 €
CLUB NATURAL SPORT VIDELGI	8.000,00 €
SANTA UXIA ATLETISMO	1.379,76 €
OLVEIRA CF	1.909,42 €
ATL OLEIROS	4.426,95 €
KENPO BARBANZA	4.009,14 €
SALVORA CF	6.882,25 €
XADREZ CIRCULO MERCANTIL	359,84 €
PATINAXE RIVEIRA	2.201,82 €
CLUB REMO NAUTICO	4.388,95 €
XUVENTU AGUIÑO	7.509,34 €
ESCOLA BOXEO EL CANARIO	1.860,11 €
CLUB NAUTICO	3.256,56 €
BALONCESTO RIVEIRA	2.355,96 €
PALMEIRA SH	3.739,81 €
CD ARTES	1.603,90 €
TOTAL	77.160,99 €





b) A modificación do decreto de data 31-02-2017, de ampliación de prazo de xustificación subvención, na resolución no seu punto 2º, donde di: “A *prórroga que se concederá será única, e en ningún caso se admitirán xustificacións presentadas despois do 28 de febreiro de 2017, debendo sempre referirse a gastos efectivamente realizados no período subvencionable, a saber, do 1 de novembro de 2015 ó 31 de outubro de 2016*”, deberá dicir: “A *prórroga que se concederá será única, e en ningún caso se admitirán xustificacións presentadas despois do 31 de marzo de 2017, debendo sempre referirse a gastos efectivamente realizados no período subvencionable, a saber, do 1 de novembro de 2015 ó 31 de outubro de 2016*”.

2.- CONCESIÓN DE ACHEGAS PARA OUTORGAMENTO DE BOLSAS A DEPORTISTAS DO CONCELLO DE RIVEIRA ANO 2016.

Vista a **proposta de concesión de achegas para o outorgamento de bolsas a deportistas do Concello de Riveira ano 2016**, presentada polo Concelleiro Delegado de Deportes, Anxo Orellán Fernández, de data 14/02/2017.


Vista a acta da reunión da Comisión Avaliadora das bolsas a deportista do Concello de Riveira ano 2016, de data 07/02/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, **acorda:**

a) Aprobar o reparto de bolsas a deportistas correspondente ao ano 2016, según o contido da documentación que consta no expediente, resultando a relación de beneficiarios de subvención tal como segue no seguinte cadro resumo:

Solicitante	Importe
Bolsas a) Tokio 2020	
María Vilas Vidal	3.000,00 €
Ana Peleteiro Brión	3.000,00 €
Alejandro Vidal Álvarez	3.000,00 €
Bolsas b)	
Adrián Jiménez Dos Santos	340,13 €
Manuel Tomé Sanlés	323,12 €
Abel Rey Paz	323,12 €
Iván Parada Novo	323,12 €
Manuel Davila Lustres	306,12 €
Ángel Parada Martínez	306,12 €
Manuel Parada Martínez	306,12 €
Javier Regueiro Martínez	306,12 €
Manuel Parada Folgar	306,12 €
Carlos Brión Sampedro	289,11 €





Alexandre Lages Brión	289,11 €
Laura Dosil Gago	289,11 €
Clara Otero Pérez	272,10 €
Jorge González Mariño	272,10 €
Ana Dosil Gago	272,10 €
Teresa Sánchez Bóveda	255,10 €
Alba Martínez Parada	221,08 €

b) Rexeitar a solicitude presentada por Paula Castrelo Novo, por non considerar que os logros aportados pola solicitante sexan de especial importancia, motivado pola categoría na que se lograros os resultados deportivos

III.- CONTRATACIÓN.

1.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "BEIRRARRÚAS NA RÚA ALCALDE FERNÁNDEZ BERMÚDEZ"

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto de **"Beirrarrúas na rúa alcalde Fernández Bermúdez"**, cun orzamento total por contrata de 106.094,34 euros (valor estimado do contrato: 87.681,27 euros; IVE 21%: 18.413,07 euros) e un prazo de execución de 2,5 meses.

O proxecto, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira en febreiro de 2016, foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na súa sesión da data 15/12/2016.

O expediente de contratación (por procedemento negociado sen publicidade con un único criterio de adxudicación –prezo máis baixo–), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453 61911, foron aprobados pola Xunta de Goberno Local na súa mesma sesión de data 15/12/2016.

Por tratarse dun contrato de obras cuxo valor estimado é inferior a 200.000,00 euros, non foi preceptiva a publicación do anuncio de licitación previsto no artigo 142.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de acordo co indicado no artigo 177.2 do mencionado texto refundido.

De conformidade co establecido no artigo 178.1 do citado texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, así como na cláusula 10 do prego de cláusulas administrativas, solicitáronse ofertas ás seguintes empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato:

A) "Tarrío y Suárez, S.L.".- Escrito da Alcaldía que foi rexistrado de saída na data 16/01/2017, co número 257.





B) "Excavaciones Darío, S.L.".- Escrito da Alcaldía que foi rexistrado de saída na data 16/01/2017, co número 258.

C) "Nemesio Ordóñez, S.A.".- Escrito da Alcaldía que foi rexistrado de saída na data 16/01/2017, co número 259.

Á vista do informe emitido polo administrativo adscrito á oficina de contratación, José Manuel Fernández Dios, na data 26/01/2017 e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación presentaron as súas ofertas as seguintes empresas:

1) TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 23/01/2017, co número 918.

2) EXCAVACIONES DARÍO, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/01/2017, co número 992.

3) NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/01/2017, co número 1.016.

A apertura dos sobres "A" (de documentación administrativa simplificada) das ofertas presentadas foi realizada pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 27/01/2017, na que se acordou declarar admitidas a esta licitación ás tres empresas presentadas, por considerar que a documentación aportada por cada unha delas é correcta.

O acto de apertura dos sobres "B" de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación, comprensivos das súas respectivas ofertas económicas (fase 1ª), celebrouse pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 30/01/2017, co seguinte resultado:

<i>Licitor</i>	<i>Oferta económica Valor estimado (sen IVE)</i>
Tarrío y Suárez, S.L.	83.113,07 €
Excavaciones Darío, S.L.	86.300,00 €
Nemesio Ordóñez, S.A.	82.306,41 €

Acordándose, na dita reunión, abrir a fase de negociación e invitar aos licitadores admitidos a presentar unha segunda oferta económica que mellore a primeira, do xeito previsto na cláusula 15.4 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor do expediente de contratación.


As invitacións para presentar unha segunda oferta económica foron cursadas por medio de escritos da Alcaldía da data 31/01/2017, que foron rexistrados de saída na mesma data e notificados por correo electrónico.

A apertura das segundas ofertas económicas (fase de negociación) presentadas por cada un dos licitadores admitidos realizouse pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 07/02/2017, co seguinte resultado:



Licitor

2ª Oferta económica



	(fase de negociación)
	Valor estimado (sen IVE)
Tarrío y Suárez, S.L.	77.071,84 €
Excavaciones Darío, S.L.	86.300,00 € (ratifícase na 1ª oferta)
Nemesio Ordóñez, S.A.	82.306,41 €

Visto o resultado anterior, e tendo en conta que, conforme establece a cláusula 15.2 do prego de cláusulas administrativas particulares reitor desta licitación, para a adxudicación deste contrato teranse en conta, unicamente, as ofertas económicas realizadas polos licitadores presentados e admitidos. En consecuencia, a adxudicación realizarase a favor da empresa que presente a oferta máis vantaxosa economicamente, consistente no prezo máis baixo.

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa xa mencionada reunión da data 07/02/2017 e a cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste contrato, e de acordo cos antecedentes expostos, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión da data 09/02/2017, acordou:


- De conformidade co establecido no artigo 151.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, CLASIFICAR, POR ORDE DECRECENTE DE VALORACIÓN, as proposicións admitidas á contratación das obras do proxecto denominado "BEIRARRÚAS NA RÚA ALCALDE FERNÁNDEZ BERMÚDEZ", do seguinte xeito:

Orde	Licitador	Valor estimado (sen IVE)
1ª	Tarrío y Suárez, S.L.	77.071,84 €
2ª	Nemesio Ordóñez, S.A.	82.306,41 €
3ª	Excavaciones Darío, S.L.	86.300,00 €

- De conformidade co establecido no artigo 151.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, REQUIRIR A "TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.", que é o licitador que resultou clasificado en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares.

De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron





clasificadas as ofertas.

O citado acordo foi notificado á empresa requirida na data 10/02/2017.

Dentro do prazo concedido a empresa "Tarrío y Suárez, S.L." presentou a documentación requirida (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 14/02/2017 co número 2.405), entre a que se inclúe, no que respecta á garantía definitiva, fotocopia da carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 14/02/2017 (nº operación: 2017 33000151), xustificativa de constitución de aval do Banco Pastor (REA nº 8190-806) como garantía definitiva do contrato por importe de 3.853,59 euros.

Vista a proposta de contratación formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 14/02/2017.

Vistos os antecedentes citados, así como a Disposición Adicional segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.


SEGUNDO.- De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe esta contratación, en relación co disposto no artigo 151, apartado 3, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 09/02/2017, **adxudica-lo contrato para realiza-las obras do proxecto de "Beirarrúas na rúa alcalde Fernández Bermúdez" á empresa "Tarrío y Suárez, S.L." (NIF número B-15090061), nas seguintes condicións contractuais:**

a) Prezo total do contrato: 93.256,93 euros (Base: 77.071,84 euros; IVE 21%: 16.185,09 euros).

b) Prazo de execución: 2,5 meses, segundo o proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira con data febreiro de 2016.

TERCEIRO.- De conformidade co establecido na cláusula 18 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, en relación co disposto no artigo 156 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir ó adxudicatario para formaliza-lo correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que





reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

CUARTO.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

QUINTO.- De conformidade co establecido no artigo 151.4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado “Perfil de Contratante”.

2.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “REPOSICIÓN ASFÁLTICA EN VÍAS”

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto de “Reposición asfáltica en vías”, cun orzamento total por contrata de 99.999,99 euros (valor estimado do contrato: 82.644,62 euros; IVE 21%: 17.355,37 euros) e un prazo de execución de 3 meses.


O proxecto, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira en novembro de 2016, foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na súa sesión da data 15/12/2016.


O expediente de contratación (por procedemento negociado sen publicidade con un único criterio de adxudicación -prezo máis baixo-), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453 61990, foron aprobados pola Xunta de Goberno Local na súa mesma sesión de data 15/12/2016.

De conformidade co establecido na cláusula 10 do prego de cláusulas administrativas, a licitación anunciouse no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), na data 16/01/2017.

Á vista do informe emitido polo administrativo adscrito á oficina de contratación, José Manuel Fernández Dios, na data 26/01/2017, e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación presentaron as súas ofertas as seguintes empresas:

1. “Obras y Contratas Rivademar, S.L.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 23/01/2017, co número 913.
2. “Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 23/01/2017, co número 929.
3. “Nemesio Ordóñez, S.A.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/01/2017, co número 1.017.





4. "Construcciones Ponciano Nieto, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/01/2017, co número 1.029.
5. "Excavaciones Cernadas Valiña, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/01/2017, co número 1.047.
6. "Obras, Transportes y Construcciones Fontefria, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/01/2017, co número 1.073, enviada a través da oficina de correos na data 24/01/2017.
7. "Asfalgal Técnicas Viarias, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/01/2017, co número 1.075, enviada a través da oficina de correos na data 23/01/2017.
8. "Canarga, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/01/2017, co número 1.077, enviada a través da oficina de correos na data 24/01/2017.
9. "Movimientos de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/01/2017, co número 1.086, enviada a través da oficina de correos na data 24/01/2017.
10. "Francisco Gómez y Cía, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/01/2017, co número 1.122, enviada a través da oficina de correos na data 24/01/2017.

A apertura dos sobres "A" (de documentación administrativa simplificada) das ofertas presentadas foi realizada pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 27/01/2017, na que se acordou declarar admitidas a esta licitación ás dez empresas presentadas, por considerar que a documentación aportada por cada unha delas é correcta.

O acto de apertura dos sobres "B" de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación, comprensivos das súas respectivas ofertas económicas (fase 1ª), celebrouse pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 30/01/2017, co seguinte resultado:

Licitador	1ª Oferta económica Valor estimado (sen IVE)
Obras y Contratas Rivademar, S.L.	66.940,00 €
Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	70.495,86 €
Nemesio Ordóñez, S.A.	77.578,51 €
Construcciones Ponciano Nieto, S.L.	80.165,28 €
Excavaciones Cernadas Valiña, S.L.	61.280,99 €
Obras, Transportes y Construcciones Fontefria, S.L.	68.000,00 €
Asfalgal Técnicas Viarias, S.L.	57.834,71 €
Canarga, S.L.	82.644,62 €
Movimientos de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.	79.818,17 €
Francisco Gómez y Cía, S.L.	81.334,00 €

Acordándose, na dita reunión, abrir a fase de negociación e invitar aos





licitadores admitidos a presentar unha segunda oferta económica que mellore a primeira, do xeito previsto na cláusula 15.4 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor do expediente de contratación.

As invitacións para presentar unha segunda oferta económica foron cursadas por medio de escritos da Alcaldía da data 31/01/2017, que foron rexistrados de saída na mesma data e notificados por correo electrónico.

A apertura das segundas ofertas económicas (fase de negociación) presentadas por cada un dos licitadores admitidos realizouse pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 09/02/2017, co seguinte resultado:

<i>Licitador</i>	<i>2ª Oferta económica Valor estimado (sen IVE)</i>
Obras y Contratas Rivademar, S.L.	mantén 1ª oferta
Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	53.264,46 €
Nemesio Ordóñez, S.A.	65.338,83 €
Construcciones Ponciano Nieto, S.L	mantén 1ª oferta
Excavaciones Cernadas Valiña, S.L.	56.107,43 €
Obras, Transportes y Construcciones Fontefria, S.L.	66.500,00 €
Asfalgal Técnicas Viarias, S.L.	57.750,00 €
Canarga, S.L.	ratifica 1ª oferta
Movimientos de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.	66.322,90 €
Francisco Gómez y Cía, S.L.	81.334,00 €


Visto o resultado anterior, e tendo en conta que, conforme establece a cláusula 15.2 do prego de cláusulas administrativas particulares reitor desta licitación, para a adxudicación deste contrato teranse en conta, unicamente, as ofertas económicas realizadas polos licitadores presentados e admitidos. En consecuencia, a adxudicación realizarase a favor da empresa que presente a oferta máis vantaxosa economicamente, consistente no prezo máis baixo.

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa xa mencionada reunión da data 09/02/2017.

Vista a cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste contrato, e de acordo cos antecedentes expostos,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTE**
ACORDOS:

PRIMEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 151.1 do Real Decreto





Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **CLASIFICAR, POR ORDE DECRECENTE DE VALORACIÓN**, as proposicións admitidas á contratación das obras do proxecto denominado **“REPOSICIÓN ASFÁLTICA EN VÍAS”**, do seguinte xeito:

Orde	Licitador	Valor estimado (sen IVE)
1º	Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	53.264,46 €
2º	Excavaciones Cernadas Valiña, S.L.	56.107,43 €
3º	Asfalgal Técnicas Viarias, S.L.	57.750,00 €
4º	Nemesio Ordóñez, S.A.	65.338,83 €
5º	Movimientos de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.	66.322,90 €
6º	Obras, Transportes y Construcciones Fontefria, S.L.	66.500,00 €
7º	Obras y Contratas Rivademar, S.L.	66.940,00 €
8º	Construcciones Ponciano Nieto, S.L.	80.165,28 €
9º	Francisco Gómez y Cía, S.L.	81.334,00 €
10º	Canarga, S.L.	82.644,62 €

SEGUNDO.- De conformidade co establecido no artigo 151.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **REQUIRIR A “EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.”**, que é o licitador que resultou clasificado en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a **documentación que se indica na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares.**


De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicita-la mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

3.- Aprobación do expediente de contratación das obras de “INSTALACIÓNS, REMATE E URBANIZACIÓN EXTERIOR DO CENTRO SOCIAL MULTIUSOS DE CARREIRA”.

Visto o expediente que se tramita para a contratación das obras de **“Instalacións, remate e urbanización exterior do Centro Social Multiusos de**





Carreira", segundo o proxecto redactado polo arquitecto Ángel Cid Carballo (en representación de 2C Arquitectos) na data novembro/2015.

O investimento foi incluído na **"4ª e derradeira fase do Plan de Acción Social (PAS) 2015"**, aprobado polo Pleno da Excma. Deputación Provincial da Coruña en sesión ordinaria realizada na data 29/06/2016, segundo a Circular da data 04/07/2016 (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 06/07/2016, co número 8.912).

Constan no expediente os seguintes documentos:

1) Proxecto técnico redactado polo arquitecto Ángel Cid Carballo (en representación de 2C Arquitectos) na data novembro/2015, cun orzamento de execución por contrata de 266.377,57 euros (valor estimado do contrato: 220.146,75 euros; IVE 21%: 46.230,82 euros) e un prazo de execución de 4 meses.

2) Acta de Replanteo previo das obras asinada en sentido favorable polo arquitecto Ángel Cid Carballo, logo de manifestar que realizadas as comprobacións pertinentes dedúcese a viabilidade da execución do proxecto dentro do solar destinado para iso, do que certifica que a súa realidade xeométrica correspóndese coa documentación que obra no seu poder.

3) Informe técnico asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 26/11/2015, no que indica que as actuacións proxectadas non precisan de autorizacións nin de informes doutros organismos da administración; que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que o seu importe non é superior a 350.000,00 euros e non se trata de obras que afecten a estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra; e que as obras proxectadas constitúen unha obra completa susceptible de ser entregada ao uso público, sen prexuízo de posteriores melloras en proxectos independentes

4) Informe asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 26/11/2015, no que se xustifica detalladamente o carácter social do investimento solicitado.

5) Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos, asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira e polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 23/02/2016, no que se informa que o proxecto inclúe as obras de remate e urbanización do Centro Social Multiusos de Carreira, situado nunha parcela que é propiedade do Concello de Riveira, sendo o centro social tamén de titularidade municipal; e que o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do investimento citado.

6) Certificado do acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 30/11/2015, polo que se aproba participar no Plan de Acción Social (PAS) 2015, os proxectos, e demais acordos que no mesmo constan.

7) Proposta de contratación asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 14/02/2017 e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.

8) Documento contable "RC" expedido polo interventor accidental na data 14/02/2017, de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria





933.622.00.

9) Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración). Por se tratar dun proxecto incluído nun Plan Provincial, é de aplicación neste expediente o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Excm. Deputación da Coruña en sesión celebrada na data 30/12/2015, que foi publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia número 3, da data 07/01/2016.

10) Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 14/02/2017, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.

14) Informe de fiscalización previa (gastos) emitido polo interventor accidental Jorge González Mariño na data 14/02/2017, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establecen os artigos 6 e 19 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Vistos os artigos 110 e 115 do TRLCSP.

Vista a Disposición Adicional segunda do TRLCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 15/06/2011 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMERO.- Aprobar o expediente de contratación das obras de “Instalacións, remate e urbanización exterior do Centro Social Multiusos de Carreira”, segundo o proxecto redactado polo arquitecto Ángel Cid Carballo (en representación de 2C Arquitectos) na data novembro/2015, cun orzamento de execución por contrata de 266.377,57 euros (valor estimado do contrato: 220.146,75 euros; IVE 21%: 46.230,82 euros) e un prazo de execución de 4 meses.

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 933.622.00.

CUARTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación e con tramitación ordinaria.





QUINTO.- Conforme establece a cláusula 10.1.a do Prego de cláusulas administrativas particulares, e de acordo cos artigos 142 e 53 do TRLCSP, por se tratar dun contrato non suxeito a regulación harmonizada, a licitación anunciárase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Perfil de Contratante do Concello de Riveira, e nun dos diarios de maior tirada na Comunidade Autónoma de Galicia.

4.- SUSPENSIÓN TEMPORAL PARCIAL DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “REMODELACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL DE CARREIRA”.

A Xunta de Goberno Local queda informada da acta de suspensión temporal parcial das obras do proxecto de “REMODELACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL DE CARREIRA”, asinada na data 01/02/2017 entre a directora das obras, a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, e o representante da empresa contratista, Marcos Vázquez Zas.

As obras foron adxudicadas por este órgano municipal en sesión da data 22/12/2016 a favor da empresa “Canarga, S.L.” (NIF número B15360902), formalizándose o correspondente contrato administrativo na data 11/01/2017.


Segundo consta na dita acta, as causas da suspensión parcial temporal son as intensas chuvias producidas no concello dende o 26/01/2017, que impiden os traballos de movemento de terras na zona do terreo de xogo do campo de fútbol, polo que é necesario modificar o programa de traballos presentado polo contratista na súa oferta, xa que está sendo inviable o seu cumprimento; polo tanto, os traballos que afecten á explanada da zona de xogo do campo de fútbol paralizaranse ata que esta se encontre en condicións que permitan unha adecuada compactación da mesma, para garantir así unha correcta execución da obra e evitar posibles problemas de asentamentos nun futuro; continuaranse cos traballos de canalizacións previstos no proxecto, xa que estes non se ven afectados en igual medida polas inclemencias meteorolóxicas; a paralización temporal das obras no xera ningún prexuízo á empresa adxudicataria, polo que non se esixirá ningún tipo de indemnización ao concello.


5.- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS.

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para a prestación do **Servizo de catering para a celebración do “Encontro do maior 2016”.**

O contrato foi adxudicado pola Xunta de Goberno Local en sesión da data 27/10/2016 a favor da empresa “José Fajardo, S.L.” (CIF B15320187), e asinouse na data 28/10/2016.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.





Vistos os informes emitidos pola xefa do departamento de Servizos Sociais e polo interventor accidental, ámbolos dous da data 14/02/2017, favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada pola empresa para responder da execución do contrato.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 15/06/2011 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **adopta o seguinte acordo:**

A cancelación e devolución da garantía definitiva de 2.090,85 euros constituída por “José Fajardo, S.L.” (CIF B15320187), para responder da prestación do Servizo de catering para a celebración do “Encontro do maior 2016”.

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- RESOLUCIÓN DE CORRECCIÓN DE LICENZA DE OBRAS Nº 156/13 EN RELACIÓN AO ESCRITO PRESENTADO POLA SRA. MARÍA MATILDE TATO QUEIRUGA EN RELACIÓN AO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 11 DE XULLO DE 2013.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Licenza de obra nº 156/13 concedida pola Xunta de Goberno Local para construción de muro de 310 metros lineais no lugar de Muíños nº 10, Artes, Riveira.

REFª CATASTRAL: 15074A840000070000ZM.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural B.





REFª CATASTRAL: 8780306MH9088S0001RP.

SITUACIÓN: Lugar de Muiños nº 10, Artes, Riveira.

PROMOTOR/A: Mª Matilde Queiruga Brión.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- A Xunta de Goberno local en sesión de data 11 de xullo de 2013 acordou por unanimidade en base ao informe emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Antonio Queiruga Sarasquete na data 3 de xullo de 2013 informar:

“

(...)

CONCEDER a Mª Matilde Queiruga Brión LICENZA DE OBRAS Nº 156/13 para CONSTRUCCIÓN DE MURO DE 310 METROS LINEAIS no lugar de Muiños nº 10, Artes, Riveira.”

2.- Posteriormente por Mª Matilde Queiruga Brión, preséntase escrito rexistrado de entrada na data 8.8.13, (Rexistro de entrada nº 10.940), no que expón que:

“

(...)

La liquidación es incorrecta, puesto que la longitud del cierre a obrar es de 112 metros y no 310 metros como consta en la liquidación de pago, ya que los 198 metros retantes ya están cerrados.”

3.- A Enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emite informe na data 13 de febreiro de 2017 no que fai constar que:

“

(...)

Personados los servicios técnicos Municipales en el lugar, se comprueba que se ha construído un muro reciente de piedra delimitando parcialmente las fincas con referencias catastrales citadas más arriba.

La longitud del nuevo muro construído es de 111,89 metros lo que informo a mi leal saber y entender.”

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A parcela obxecto da obra clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO DE NÚCLEO RURAL B.**

Segundo.- O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (no sucesivo LOUG), dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen





por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

Terceiro.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da LOUG, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Proxecto Básico de abril de 2016, Plano nº 2 Modificado de maio de 2016 redactado por Manuel Peleteiro Bandín así como Escritura de Propiedade.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, entenderase outorgada por silencio administrativo, de conformidade co disposto nos artigos 43 e 44 da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cuarto.- O artigo 145 da LOUG establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

Quinto.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando a súa aplicación ao réxime xurídico aplicable aos mesmos.

Sexto.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a





súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1.7.15.

Polo anteriormente exposto visto o escrito presentado pola Sra. M^a Matilde Queiruga Brión rexistrado de entrada na data 8.8.13, (Rexistro de entrada nº 10.940), visto o informe emitido pola Enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira de data 13 de febreiro de 2017, da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 13/02/2017, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- CONCEDER a M^a Matilde Queiruga Brión a **CORRECCIÓN DA LICENZA DE OBRAS 153/16** concedida pola Xunta de Goberno local en sesión de data 11 de xullo de 2013 resultando finalmente **CONSTRUCCIÓN DE MURO DE 111,89 METROS LINEAIS** no lugar de Muiños nº 10, Artes, Riveira.

Segundo.- Notificar a presente resolución ós interesados en cumprimento do disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A ESCRITO PRESENTADO POR LILIAN SAMPEDRO CRUJEIRAS E JORGE PARADA RIVAS NO QUE SE PRESENTA A RENUNCIA DA LICENZA DE OBRA Nº 187/13 E SE SOLICITA DEVOLUCIÓN DAS TASAS ABOADAS POR TAL CONCEPTO.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Substitución de cuberta e reforma simple de vivenda unifamiliar.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural A incluído dentro dos límites do Parque do Complexo Dunar e Rede Europea Natura.

SITUACIÓN: Lugar de A Graña nº 27, Carreira, Riveira.

PROMOTOR/A: Lilian Sampedro Crujeiras e Jorge Parada Rivas.

PROXECTO: Proxecto Técnico de outubro de 2012.

AUTOR/A PROXECTO: José Ramón Boo Pego.


ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL: 35.000,00 €.


ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL VALORADA POR TÉCNICO MUNICIPAL: 98.501,40 €.

Visto expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Por Lilian Sampedro Crujeiras e Jorge Parada Rivas, solicitábase en escrito rexistrado de entrada na data 11.2.13, (Rexistro de entrada nº 2.185), licenza de obra para substitución de cuberta e reforma simple de vivenda unifamiliar sita no lugar de A Graña nº 27, Carreira, Riveira, achegándose Proxecto Técnico de outubro de 2012 redactado por José Ramón Boo Pego.





2.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 22 de agosto de 2013 acordou por unanimidade conceder a licenza municipal de obra nº 187/13 a Lilian Sampedro Crujeiras e Jorge Parada Rivas, para **SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA E REFORMA SIMPLE DE VIVENDA UNIFAMILIAR** sita no lugar de A Graña nº 27, Carreira, Riveira, nos termos do Proxecto Técnico de outubro de 2012 redactado por José Ramón Boo Pego.

3.- Posteriormente por Lilian Sampedro Crujeiras e Jorge Parada Rivas, preséntase en escrito rexistrado de entrada na data 11.1.17, (Rexistros de entrada nº 342), a solicitude de anulación de taxas por recaudación executiva por no acometer a obra e a **renuncia expresa a licenza de obras nº 187/13**.

4.- O Delineante Municipal Jaime García Leyra tras xirar visita de comprobación emite informe na data 18 de Janeiro de 2017 no que fai constar que:

“
(...)”

Personados los Servicios Técnicos Municipales en la finca arriba indicada se comprueba que no existe ningún indicio de haberse iniciado las obras de sustitución de cubierta y reforma simple de una vivienda unifamiliar, estando la vivienda actualmente en su estado primitivo y en franco deterioro.”

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- O artigo 94 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas establece que:

1. Todo interesado poderá desistir da súa solicitude o, cando elo non esté prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

2. Si o escrito de iniciación se houbera formulado por dous o mais interesados, o desistimento ou a renuncia sólo afectará a aqueles que a houbesen formulado.


3. Tanto o desistimento como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as firmas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable.

4. A Administración aceptará de plano o desistimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento salvo que, habéndose persoado no mesmo terceiros interesados, instasen éstos a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados do desistimento.

5. Si a cuestión suscitada pola incoación do procedemento entrañase interés xeral o fora conveniente sustanciarla para a súa definición e esclarecemento, a Administración poderá limitar os efectos do desistimento ou a renuncia ao interesado e seguirá o procedemento.

Polo anteriormente exposto visto o informe técnico emitido polo Delineante Municipal Jaime García Leyra tras xirar visita de comprobación na data 18 de xaneiro de 2017, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de





data 31/01/2017, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes,
ACORDA:

Primeiro.- ACEPTAR A RENUNCIA presentada por Lilian Sampedro Crujeiras e Jorge Parada Rivas en relación á **LICENZA DE OBRA Nº 187/13** para levar a cabo a **SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA E REFORMA SIMPLE DE VIVENDA UNIFAMILIAR** sita no lugar de A Graña nº 27, Carreira, Riveira, nos termos do Proxecto Técnico de outubro de 2012 redactado por José Ramón Boo Pego, **DECLARANDO CONCLUSO O PROCEDIMENTO E O ARQUIVO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE REFERENCIA.**

Segundo.- Notificar a presente resolución ós interesados en cumprimento do disposto no artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes e, se é o caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse nun prazo de 10 días contados a partir da notificación da presente.

3.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE DE REVISIÓN DE OFICIO DA LICENZA DE OBRA Nº 395/03 CONCEDIDA A MANUEL FERNÁNDEZ SAMPEDRO PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR.

EXPEDIENTE: Revisión de oficio da licenza de obra nº 395/03 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 31 de xullo de 2003 a Manuel Fernández Sampedro

PROMOTOR/A: Manuel Fernández Sampedro.

INTERESADO: Manuel Rivademar Parada.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.2 Residencial Extensiva Colectiva en Fileira.

SITUACIÓN: Lugar de Listres de Arriba, Aguiño, Riveira.


Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes


ANTECEDENTES DE FEITO

1.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 31 de xullo de 2003 acordou por unanimidade en base ao informe emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Antonio Queiruga Sarasquete na data 28 de xullo de 2003 conceder a licenza municipal de obras nº 395/2003 a Manuel Fernández Sampedro para construción de vivenda unifamiliar no lugar de Listres de Arriba, Aguiño, Riveira.

2.- Posteriormente na data 10 de febreiro de 2005 Manuel Rivademar Parada presenta denuncia urbanística pola edificación de dita vivenda unifamiliar.

3.- Por Decreto de Alcaldía de data 2 de maio de 2005 incoábase expediente de reposición da legalidade urbanística nº 8/2005 e ordenábase a súa instrución de conformidade co disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, co obxecto de que, previa audiencia do interesado, se adoptase algún dos acordos dispostos no número





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

3 do artigo 209 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

4.- Por Decreto de Alcaldía de data 12 de abril de 2006 procedeuse a resolver o mencionado expediente de reposición da legalidade urbanística do seguinte xeito:

(...)

"Proceder ao arquivo do expediente nº 8/2005 incoado contra Manuel Fernández Sampedro".

5.- Contra dita resolución se interpuso Recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago seguido como P.O. nº 445/2006, que emite Sentenza na data 15 de xaneiro de 2008 no que falla:

"

(...)

Que con desestimación íntegra del recurso contencioso-administrativo, presentado por la procuradora Sra. Esperanza Álvarez en nombre y representación de D. Manuel Rivademar Parada se presentó recurso contencioso-administrativo contra la resolución de fecha 12 de abril de 2006 por la que se acuerda el archivo del expediente de reposición de legalidad nº 8/2005, debo declarar y declaro la conformidad a derecho del acto administrativo recurrido, no haciendo expresa condena respecto de las costas causadas en este juicio."

6.- A devandita sentenza foi recurrida por D. Manuel Rivademar Parada ante O Tribunal Superior de Xusticia de Galicia, tramitándose Recurso de Apelación nº 4157/2008 ante a sala do Contencioso-Administrativo nº 1, dictándose sentenza en data 5 de novembro de 2.009, na que despois de indicar nos fundamentos de dereito que:

"

(...)

de ahí que haya de ser confirmada la sentencia que consideró que no existían motivos para la anulación del acuerdo municipal que rechazó fundadamente la denuncia del apelante, desde el momento que el ayuntamiento actuó correctamente en la concesión de una licencia de conformidad al proyecto que se le había presentado, en el que el camino en cuestión aparecía incluido dentro de la finca del solicitante. No cabe duda que un principio general de nuestro derecho administrativo proclama que los actos de intervención y autorización administrativa se producen en su ámbito específico de regulación pública, sin perjuicio de los derechos de terceros..."

falla:

"

(...)





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Que debemos desestimar el recurso de apelación interpuesto por Don Manuel Rivademar Parada contra la sentencia de 15 de enero de 2.008, que confirmamos íntegramente, y con imposición de las costas”.

7.- Posteriormente se interpón ante os Xulgados de Riveira, “Acción Declarativa de Dominio”, no Xulgado de Primeira nº 2 autos P.O 80/2011 que emite Sentenza na data 10 de xaneiro de 2012 no que falla:

“

(...)

Que debo estimar y estimo la demanda deducida a instancia de Manuel Rivademar Parada y Rosario Gude Sanpedro representados por la procuradora D^a Tamara Paisal Outerial y defendidos por el letrado D. Miguel A. Fernández Rodríguez, contra Manuel Fernández Sampedro, representado por el procurador Sr. Novoa y asistido de la letrada D^a María Gude Sampedro y en consecuencia debo declarar y declaro que:

- 1) Que la finca denominada “Leira da Suerte” que se describe en el hecho primero de la demanda y se encuentra inscrita en el Registro de la Propiedad de Noia, folio 150, tomo 727, del archivo, libro 180 de Riveira, finca 14.947, es de la propiedad de la sociedad de bienes gananciales formada por los actores.*
- 2) Que asimismo forma parte de la finca anteriormente descrita y es de la propiedad de la sociedad de bienes gananciales que forman los actores, la franja de terreno que con un frente de 2.10 metros se extiende desde la carretera de Aguiño conduce a la Graña o Rúa Listres (linde este, en parte de la finca Leira da Suerte, anteriormente descrita) hacia el oeste entre las fincas de D. Manuel Lampón (“Agro do Patrón” sita al linde Norte) y del demandado Manuel Fernández Sanpedro, (“Leira da Carretera” sita al linde sur), hasta entroncar con el resto de la finca propiedad de los actores.*
- 3) Condenando al demandado a estar y pasar por dicha declaración, así como al abono de las costas procesales.”*

8.- Por Manuel Rivademar Parada en escritos rexistrado de entrada na data 30 de xaneiro de 2013, (Rexistro de entrada nº 1.390), solicítase que:

“

(...)


Que teniendo por presentado el escrito que antecede tenga por presentado el escrito que antecede y evacuado el trámite conferido dicte resolución por la que se acuerde la existencia de una infracción urbanística grave y se proceda a la reposición de la legalidad urbanística acordando la nulidad de la licencia y demolición de la edificación por no ajustarse a planeamiento y ello en los términos interesados en el cuerpo del escrito.”


9.- Polo Concello de Riveira en oficio rexistrado de saída na 13 de marzo de 2014, (Rexistro de saída nº 1.567), solicítase ao interesado:

“

(...)

Copia da Sentenza emitida en relación ao Recurso de Apelación, para de modo poder incoar o oportuno expediente de reposición da legalidade urbanística.”





10.- Por Manuel Rivademar Parada en escritos rexistrados de entrada 20 de marzo de 2014, (Rexistro de entrada nº 3.421), achégase os autos dictados pola sección 6ª da Audiencia provincial pola que se declara a firmeza da sentenza dictada Xulgado de Primeira de Riveira.

11.- Por Decreto de Alcaldía de data 9.3.15 incoábase expediente de reposición da legalidade urbanística e ordenábase a súa instrución de conformidade co disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, co obxecto de que, previa audiencia do interesado, se adopte algún dos acordos dispostos no número 3 do artigo 209 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

12.- A notificación do citado Decreto practicouse a Manuel Fernández Sampedro na data 12 de marzo de 2015 e a Manuel Rivademar Parada 13 de marzo de 2015.

13.- En cumprimento do disposto no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no mesmo Decreto de inicio do expediente de reposición da legalidade, emprazouse aos interesados para o trámite de audiencia.

14.- Notificado este emprazamento Manuel Fernández Sampedro presenta alegación en escrito rexistrado de entrada na data 24 de marzo de 2015, (Rexistro de entrada nº 3.144), ao citado Decreto de Alcaldía de data 9 de marzo de 2015.

15.- Notificado este emprazamento Manuel Rivademar Parada en escrito rexistrado de entrada na data 3 de agosto de 2015, (Rexistro de entrada nº 8.005), presenta escrito do seguinte xeito:

"

(...)

Suplica, que teniendo por presentado el escrito que antecede y acuerde sin más trámite la orden demolición de la edificación construída con infracción de las normas urbanísticas para la parcela, al incumplir los parámetros señalados en la licencia. La falta de actuación urgente de la administración local obligaría a formular denuncia ante la Fiscalía."

16.- Por último a Xunta de Goberno Local en sesión de data 17 de setembro de 2015 acordou por unanimidade:

"

(...)

Primeiro.- *Vistos os fundamentos das sentenzas dictadas polo Xulgado Contencioso e polo Tribunal Superior de Xusticia de Galicia e resultando probado o feito de que a efectiva finalización da obra supera amplamente o prazo de 6 anos establecido polo artigo 218 da LOU, queda de manifesto que o expediente administrativo de disciplina urbanística iniciado a instancia dos escritos presentados por Manuel Rivademar Parada non é procedemento*





*adequado para restaurar a legalidade urbanística polo que se procede ao **ARQUIVO DO EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DE LEGALIDADE URBANÍSTICA DU 3/15.***

Segundo.- Asimesmo en concordancia co anterior vista a Sentenza na data 10 de xaneiro de 2012 emitida en relación a "Acción Declarativa de Dominio", presentada no Xulgado de Primeira nº 2 autos P.O 80/2011 que estima a demanda deducida a instancia de Manuel Rivademar Parada e Rosario Gude Sanpedro, procede segundo o establecido polos artigos 102.1 e 62.1.f) **INICIO DO EXPEDIENTE DE REVISIÓN DA LICENZA DE OBRA Nº 395/03** concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 31 de xullo de 2003 a Manuel Fernández para construción de vivenda unifamiliar no lugar de Listres de Arriba, Aguiño, Riveira.

Terceiro.- Conceder audiencia aos interesados isto é a Manuel Fernández Sampedro e a Manuel Rivademar Parada para que nun prazo de 10 días hábiles poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes e, se é o caso, propor proba concretando os medios de que pretenda valerse con anterioridade a solicitude do **INFORME PRECEPTIVO DO CONSELLO CONSULTIVO** segundo o disposto polo artigo 102.1 e 62.1.f) da Lei de Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común."

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Segundo o disposto no artigo 209 da LOUG, cando se estivesen executando obras sen licenza ou sen axustarse ás condicións sinaladas nelas, o alcalde disporá a suspensión inmediata dos devanditos actos e procederá a incoa-lo expediente de reposición da legalidade, comunicándollo ó interesado.

Instruído o expediente de reposición da legalidade e logo de dar audiencia ó interesado, adoptarase algún dos seguintes acordos:

- a) Si as obras non fosen legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a súa demolición a custa do interesado e procederase a impedir definitivamente os usos ós que desen lugar ou, se é o caso, á reconstrución do indebidamente demolido.
- b) Si as obras fosen legalizables por seren compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase ó interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa, manténdose a suspensión das obras en tanto non se otorgue licenza ou non se presente a comunicación previa.
- c) Si as obras non se axustan ás condicións sinaladas na licenza, comunicación previa ou orde de execución, ordenaráselle ó interesado que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres por petición do interesado, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras que haxa que realizar faga inviable a súa acomodación ás previsións da licenza no prazo previsto.

Este procedemento deberá resolverse no prazo dun ano contado desde a data do acordo de iniciación.

Si transcurrido o prazo de tres meses desde o requerimento o interesado non solicitase a oportuna licenza ou, se é o caso, non axustara as obras ás condicións sinaladas nela ou na orde de execución, o alcalde acordará a demolición das obras a custa do interesado e procederá a impedir definitivamente os usos ós





que dese lugar. Procederáse de igual modo no suposto de que a licencia fose denegada por se-lo seu outorgamento contrario á legalidade.

No caso de incumprimento da orde de demolición, a Administración municipal procederá á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata logra-la execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha.

Establece asimismo o artigo 218 da LOUG que as infraccións urbanísticas prescriben nun prazo de 6 anos a contar dende a finalización da obra ou actividade.

Segundo.- O artigo 9 da Constitución Española establece que os cidadáns e os poderes públicos están suxeitos á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico.

Corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan o dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

A Constitución garantiza o principio de legalidade, a xerarquía normativa, a publicidade das normas, a irretroactividade das disposicións sancionadoras no favorables o restrictivas de dereitos individuais, a seguridade xurídica, a responsabilidade e a interdicción da arbitrariedade dos poderes públicos.

O artigo 103 da CE establece que a Administración Pública serve con obxetividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometimento pleno á lei e ao Dereito.

Terceiro.- O artigo 53 da Lei de Bases de Réxime Local dispón que sen perxuízo das previsións específicas contenidas nos artigos 65, 67 y 110 desta Lei, as Corporacións Locais poderán revisar os seus actos e acordos nos termos e co alcance que, para a Administración do Estado, establécese na lexislación do Estado reguladora do procedemento administrativo común.

En concordancia co anterior o artigo 218 do ROF establece que sen perxuízo das previsións específicas contenidas nos artigos 65, 67 y 110 de la Lei 7/1985 de 2 de abril, os órganos das Entidades Locais poderán revisar os seus actos, resolucións e acordos, nos termos e co alcance que establécese na lexislación do Estado reguladora do procedemento administrativo común.

Cuarto.- O artigo 102 da Lei de Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común trata a revisión de disposicións e actos nulos do seguinte xeito.

1. As Administracións públicas, en calquera momento, por iniciativa propia ou a solicitude do interesado, e previo dictamen favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, se o houbere, declararán de oficio a nulidade dos actos administrativos que puxeran fin á vía administrativa ou que non foran recurridos en prazo, nos supostos previstos no artigo 62.1.

2. Asimesmo, en calquera momento, as Administracións Públicas de oficio, previo dictamen favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma se o houbere, poderán declarar a nulidade das disposicións administrativas nos supostos previstos no artigo 62.2.

3. O órgano competente para a revisión de oficio poderá acordar





motivadamente a inadmisión a trámite das solicitudes formuladas polos interesados, sen necesidade de recabar dictamen do Consello de Estado ou órgano consultivo da Comunidade Autónoma, cando as mesmas no se basen en algunha das causas de nulidade do artigo 62 ou carezcan manifestamente de fundamento, así como no suposto de que se desestimasendo en canto ao fondo outras solicitudes sustancialmente iguais.

4. As Administracións Públicas, ao declarar a nulidade dunha disposición ou acto, poderán establecer, na mesma resolución, as indemnizacións que proceda reconocer aos interesados, si se dan as circunstancias previstas nos artigos 139.2 y 141.1 desta Lei; sen perxuizo de que, tratándose dunha disposición, subsistan os actos firmes dictados en aplicación da mesma.

5. Cando o procedemento se iniciase de oficio, o transcurso do prazo de tres meses dende o seu inicio sin dictarse resolución producirá a caducidade do mesmo. Se o procedemento se iniciase a solicitude de interesado, poderase entender a mesma desestimada por silencio administrativo.

A nulidade dos actos administrativos aparecen regulados no artigo 62 da Lei de Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común.

1. Os actos das Administracións Públicas son nulos de pleno dereito nos casos seguintes:

- a) Os que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional
- b) Os dictados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.
- c) Os que teñan un contenido imposible.
- d) Os que sexan constitutivos de infracción penal ou se dicten como consecuencia desta.
- e) Os dictados prescindindo total e absolutamente d procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados.
- f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico poos que se adquieren facultades ou dereitos cando se carezca dos requisitos esenciais para a súa adquisición.
- g) Calquera outro que se establezca expresamente nunha disposición de rango legal.

2. Tamén serán nulas de pleno dereito as disposiciones administrativas que vulneren a Constitución, as leis ou outras disposicións administrativas de rango superior, as que regulen materias reservadas á Lei, e as que establezcan a retroactividade de disposicións sancionadoras non favorables ou restrictivas de dereitos individuais.

Vistos os antecedentes que obran no expediente isto é, licenza municipal de obras nº 395/2003 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 31 de xullo de 2003 a Manuel Fernández Sampedro para construír unha vivenda unifamiliar, visto o Decreto de Alcaldía de data 12 de abril de 2006 que resolve o arquivo do expediente de reposición da legalidade urbanística nº 8/2005, vista a






CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Sentenza de data 15 de febreiro desestimatoria ante o Recurso Contencioso-Administrativo presentado polo Sr. Manuel Rivademar Parada ante o Tribunal Superior de Justicia de Galicia seguido co nº 445/2006, vista a Sentenza na data 10 de xaneiro de 2012 emitida en relación a "Acción Declarativa de Dominio", presentada no Xulgado de Primeira nº 2 autos P.O 80/2011 que estima a demanda deducida a instancia de Manuel Rivademar Parada e Rosario Gude Sampredo ratificada polos autos dictados pola Sección 6ª da Audiencia Provincial pola que se declara a firmeza da sentencia dictada Xulgado de Primeira de Riveira, tendo en conta que a obra esté efectivamente terminada dende fai mais de seis anos segundo o prazo de prescripción establecido polo artigo 218 da LOUGA, visto o artigo 102.5 da Lei de Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común que dispón que cando o procedemento se iniciase de oficio, o transcurso do prazo de tres meses dende o seu inicio sin dictarse resolución producirá a caducidade do mesmo, que vista a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia así como o Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 06/02/2017, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- Visto o artigo 102.5 da Lei de Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común que dispón que cando o procedemento se iniciase de oficio, o transcurso do prazo de tres meses dende o seu inicio sin dictarse resolución producirá a caducidade do mesmo se procede a **DECLARAR A CADUCIDADE DO EXPEDIENTE DE REVISIÓN DA LICENZA DE OBRA Nº 395/03** concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 31 de xullo de 2003 a Manuel Fernández para construción de vivenda unifamiliar no lugar de Listres de Arriba, Aguiño, Riveira.

Segundo.- Vistos os fundamentos das sentenzas dictadas polo Xulgado Contencioso e polo Tribunal Superior de Xusticia de Galicia e resultando probado o feito de que a efectiva finalización da obra supera amplamente o prazo de 6 anos establecido polo artigo 218 da LOUG, vista asimesmo en concordancia co anterior vista a Sentenza na data 10 de xaneiro de 2012 emitida en relación a "Acción Declarativa de Dominio", presentada no Xulgado de Primeira nº 2 autos P.O 80/2011 que estima a demanda deducida a instancia de Manuel Rivademar Parada e Rosario Gude Sanpedro, procede segundo o establecido polos artigos 102.1 e 62.1.f), e atendendo a obriga da administración de resolver, **O INICIO DE NOVO EXPEDIENTE DE REVISIÓN DA LICENZA DE OBRA Nº 395/03** concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 31 de xullo de 2003 a Manuel Fernández para construción de vivenda unifamiliar no lugar de Listres de Arriba, Aguiño, Riveira.

Terceiro.- Conceder audiencia aos interesados isto é a Manuel Fernández Sampredo e a Manuel Rivademar Parada para que nun prazo de 10 días hábiles





poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes e, se é o caso, propor proba concretando os medios de que pretenda valerse con anterioridade a solicitude do **INFORME PRECEPTIVO DO CONSELLO CONSULTIVO** segundo o disposto polo artigo 102.1 e 62.1.f) da Lei de Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común.

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por Pilar Tomé Arufe en representación de **Citova, S.L.**, de data 02/02/2017 (Rexistro de entrada nº 1.589), no que solicita certificación urbanística sita en Saiñas (Palmeira).

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Aparellador Municipal, Jesús García Ramos, de data 06/02/2017, por unanimidade dos presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

Referencia Catastral nº 15074A838005230000ZP
Categoría solo: Urbano Ordenanza 6.3.

LEGISLACIÓN APLICADA

Ley 2/2016 de 10 de Febrero del Suelo de Galicia

En la Disposición Transitoria Primera se establece que el planeamiento aprobado definitivamente con anterioridad a la entrada en vigor de esta ley y no adaptado a la Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia, conservará su vigencia hasta su revisión o adaptación a ella según las siguientes reglas:

a) Al suelo urbano que reúna las condiciones establecidas en el artículo 17.a) de esta ley, se aplicará lo dispuesto en ella para el suelo urbano consolidado.

Al solo urbano que reúna las condiciones establecidas en el artículo 17.b) de esta ley, se aplicará lo dispuesto en ella para el suelo urbano no consolidado.


En el Art. 17 se establece que los Planes Generales diferenciarán en suelo urbano las siguientes categorías sin perjuicio de lo dispuesto en los planes Especiales en el Art. 71.2


a) Solo urbano consolidado, integrado por los terrenos que reúnan a condición de solar o que, por su grado de urbanización efectiva y asumida por el planeamiento urbanístico, puedan adquirir dicha condición mediante obras accesorias y de escasa entidad que puedan ejecutarse simultáneamente con las de edificación.

b) Suelo urbano no consolidado, integrado por la restante superficie de solo urbano y, en todo caso, por los terrenos que reúnan alguna de las siguientes condiciones:

1. Terrenos en los que sean necesarios procesos de urbanización.

2. Terrenos en los que sean necesarios procesos de reforma interior o renovación urbana.





3. Terrenos en los que se desarrollen actuaciones de dotación, entendiendo como tales aquellos en los que sea necesario incrementar las dotaciones públicas para reajustar su proporción con la mayor edificabilidad o con nuevos usos asignados en la ordenación urbanística, sin requerir la reforma o renovación de la urbanización.

Se entiende que ese aumento de edificabilidad o cambio de uso requerirá el incremento das dotaciones públicas cuando comporte un aumento del aprovechamiento superior al 30 % del existente.

En el Art. 18. se establece que:

1. Tendrán la condición de solar las superficies de suelo urbano legalmente divididas y aptas para la edificación que cuenten con acceso por vía pública pavimentada y servicios urbanos de abastecimiento de agua potable, evacuación de aguas residuales a la red de saneamiento, suministro de energía eléctrica y iluminación pública, en condiciones de caudal y potencia adecuadas para los usos permitidos. Se existe planeamiento, además de lo anterior, deberán estar urbanizadas de acuerdo con las alineaciones y rasantes de todas las vías a las que den frente.

2. Los terrenos incluidos en el suelo urbano no consolidado y en el suelo urbanizable solo podrán alcanzar la condición de solar después de la ejecución del correspondiente planeamiento urbanístico, incluyendo las obras de urbanización exigibles para la conexión con los sistemas generales existentes y, si es el caso, para su ampliación o refuerzo.

En el Art. 19. se establece que los propietarios de solo urbano tienen el derecho de completar la urbanización de los terrenos para que adquieran la condición de solar y a edificar estos en las condiciones establecidas en esta ley y en el planeamiento aplicable y, cuando proceda, participar en la ejecución de actuaciones de transformación urbanística en un régimen de justa distribución de beneficios e cargas.


En el Art 20. se establece que en suelo urbano consolidado, los propietarios tienen los siguientes deberes: a) Ceder gratuitamente a la administración titular de la vía los terrenos destinados a viales fuera de las alineaciones establecidas en el planeamiento cuando pretendan parcelar, edificar o rehabilitar integralmente.

b) Completar por su cuenta la urbanización necesaria para que los terrenos alcancen, si aún no la tienen, la condición de solar, en los supuestos de edificar o rehabilitar integralmente. Para tal efecto, afrontarán los costes de urbanización precisos para completar os servicios urbanos e ejecutar las obras necesarias para conectar con las redes de servicios y viaria en funcionamiento.

En el Art 21. se establece que las construcciones e instalaciones deberán adaptarse al ambiente en el que estén situadas, y para tal efecto:

a) Las construcciones en lugares inmediatos a un edificio o a un conjunto de edificios de carácter histórico o tradicional deberán armonizar con él.

b) En los lugares de paisaje abierta o natural, o en las perspectivas que ofrezcan los conjuntos urbanos de características históricas o tradicionales y en las inmediaciones de las carreteras o caminos de trayecto pintoresco, no se permitirá que la situación, masa o altura de las construcciones, muros y cerramientos, o la instalación de otros elementos, limiten el campo visual para contemplar las bellezas naturales, rompan la armonía del paisaje, desfiguren la perspectiva propia de ella o limiten o impidan la contemplación del conjunto.





c) La tipología de las construcciones y los materiales y colores empleados deberán favorecer la integración en el contorno inmediato y en el paisaje.

d) Las construcciones deberán presentar todos sus paramentos exteriores y cubiertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida la publicidad estática que por sus dimensiones, localización o colorido no cumpla las anteriores prescripciones.

f) En las zonas de flujo preferente y en las áreas amenazadas por graves riesgos naturales o tecnológicos como explosión, incendio, contaminación, hundimiento u otros análogos solo se permitirán las construcciones y usos admitidos por las legislaciones sectoriales correspondientes.

-Plan General de Ordenación municipal (PXOM), aprobado definitivamente según acuerdo plenario de la Corporación de 17/12/02

Artículo 157: Ordenanza 6.3 - Residencial extensiva unifamiliar aislada.

1. Definición y ámbito

Comprende esta Ordenanza las áreas de suelo urbano menos densificados de los núcleos urbanos en contacto con las direcciones de carretera y calles definidas en los Planos de Ordenación, en la que se localizan viviendas unifamiliares aisladas con jardines en la parte de su parcela no edificada.

1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obra de:

Demolición

Reforma

Ampliación

Nueva planta

1.2. Usos globales

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivienda unifamiliar.

Usos admisibles: Sólo se admitirán además del uso característico las terciarias que tengan una relación de dependencia directa con el uso principal, tales como restaurantes, hostales, oficinas, comercios y talleres relacionados con las actividades residenciales y del sector primario, permitiéndose el uso dotacional y la vivienda colectiva, conservándose la parcela y el tipo de edificación.

1.3. Tipologías edificatorias


La tipología edificatoria es la de vivienda unifamiliar aislada.


1.4. Normativa sectorial

Cada uso que se incluye en la edificación deberá estar sujeto a la normativa sectorial que le afecte. El uso residencial queda regulado globalmente por las condiciones de habitabilidad del Decreto 311/1992.

2. Parámetros de la edificación

2.1. Condiciones de la parcela





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Parcela mínima: Tipo A: 500 m².

Tipo B: 1.000 m².

Tipo C: 1.000 m².

Frente mínimo: 12 metros.

Condiciones de forma: La forma de la parcela permitirá la inscripción de una circunferencia de 12 m. de diámetro.

2.2. Condiciones de ocupación

Ocupación máxima de la parcela: Tipo A-B-C: 30%.

Retranqueos: La posición de la edificación quedará retranqueada respecto a los linderos: 3 metros y a las vías la establecida en estas normas.

2.3. Condiciones de volumen

Edificabilidad máxima: Tipo A: 0,8 m²/m²

Tipo B: 0,4 m²/m²

Tipo C: 0,4 m²/m²

Computando a estos efectos la planta semisótano a partir de una altura sobre rasante de 1 metro.

Altura de la edificación:

Número plantas: Bajo + una planta + Bajo cubierta, computándose a todos los efectos la edificabilidad consumida en espacios de altura superior a 1,5 m. Se admite la planta sótano.

H. máxima: 6,5 metros.

Altura de coronación: 4,0 m. desde el último forjado.

Los porches abiertos computarán a efectos de edificabilidad la mitad de su superficie siempre que tengan una profundidad mayor que 1 metro.

Las terrazas computarán siempre la mitad de su superficie.

2.4. Elementos arquitectónicos

Cerramiento de parcelas: Sólo se permitirá el cerramiento de las parcelas con elementos opacos de buen acabado hasta una altura máxima de 1 m. pudiéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos hasta una altura de 1 metro. En el caso de cierres realizados con piedra natural la parte ciega puede alcanzar una altura máxima de 1,5 metros.

Construcciones auxiliares: Se autoriza una construcción auxiliar por parcela, computando edificabilidad y ocupación. Siempre en una sola planta, con una altura máxima de 3 metros, en el caso de superar los 15 m, solo se autorizaran si existe la edificación principal.

Cuerpos volados cerrados: Se autorizan vuelos sobre las fachadas con una dimensión máxima de 0,9 m. debiendo ser acristaladas en un 50% de su superficie.

Cornisas y aleros: La dimensión máxima del saliente de cornisas y aleros será de 0,4 metros.

Balcones y terrazas: En los cuerpos volados no se autorizará a sobresalir sobre el vuelo permitido con balcones y terrazas. En el resto de los casos su dimensión máxima será de 0,6 m.





Cubiertas: Igual que ordenanza 6.1.

2.5. Condiciones ambientales y estéticas

La intención es la de conseguir una franja de edificación en baja densidad con gran proporción de espacios ajardinados y arboledas.

Cerramientos exteriores y materiales: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se prohíbe el empleo de más de dos materiales en fachada, adoptando soluciones tipológicas propias del entorno. Se prohíben los muros de bloques sin revestir y pintar.

En la carpintería exterior del edificio se podrán utilizar madera, hierro, aluminio o plástico siempre que estén pintados, lacados o coloreados.

Se prohíbe el aluminio en su color natural.

Composición de fachadas y huecos: Se tomará como referencia la arquitectura popular existente en la zona.

Se recomienda que los huecos de las ventanas deberán tener forma cuadrada o rectangular, en este caso, el lado vertical será siempre mayor que el horizontal.

Integración en el medio natural: La edificación deberá estar integrada en el medio natural, debiendo quedar convenientemente ajardinado el espacio comprendido entre los edificios y los linderos de la parcela.

Conservación de las masas arbóreas: Las edificaciones de la parcela tipo c, deberán conservar las masas arbóreas, permitiéndose talar únicamente el espacio necesario para las edificaciones de nueva planta.

CONDICIONES PARTICULARES

La parcela está situada en suelo urbano ordenanza 6.3 y en zona de servidumbre de Costas.


Es de aplicación lo establecido en el apartado normativa aplicable de este informe.


2.- Visto o escrito presentado por **Juan Brión Santos**, de data 07/02/2017 (Rexistro de entrada nº 1.889), no que solicita certificación do carácter rústico da parcela con referencia catastral número 15074A045005520000KB, sita en Reiriz (Oliveira).

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 09/02/2017, por unanimidade dos presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

Referencia Catastral nº 15074A045005520000KB

Solicítase informe sobre si a finca arriba indicada está incluída dentro das mencionadas no artigo 31.1 da Lei do Solo de Galicia (2016).





No Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira, a finca está clasificada como Solo Rústico Común, polo que se pode afirmar que cumpre co citado artigo da Lei do Solo de Galicia

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.


1.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR DONA JOSEFA SAMPEDRO TEIRA POLAS LESIÓNS SUFRIDAS POR MOR DUNHA CAÍDA NA RÚA MARCIAL DE ADALID. Expediente RP 20/2016.


Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **Dona Josefa Sampedro Teira**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos e lesións sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 05/09/2016 co número 11.352, dona Josefa Sampedro Teira, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira, polos danos e lesións sufridos o día 02 de setembro de 2016, ao meter o pe nun burato existente na beirarrúa da rúa Marcial de Adalid, o que lle ocasionou unha lesión pola que tivo que recibir asistencia médica no Hospital da Barbanza.

Segundo.- Por Decreto da Alcaldía de data 27 de setembro de 2016, resolverse admitir a trámite a reclamación presentada e entender iniciado o procedemento para determinar a responsabilidade patrimonial en que presuntamente incorreu o Concello de Riveira. Así mesmo, comunícase á interesada que a súa solicitude non reúne os requisitos esixidos nos artigos 139 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e 6.1 do Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial, aprobado por Real Decreto 429/1993, do 26 de marzo, xa que non acredita a valoración económica da responsabilidade patrimonial que reclama, polo que se lle require para que no prazo de dez días





hábiles, contados desde o día seguinte ao da práctica da notificación, emende a falta do referido requisito, coa advertencia de que si así non o fixera teráselle por desistido da súa petición.

Terceiro.- Consta no expediente que a notificación do Decreto de data 27 de setembro de 2016, foi practicada á reclamante na data 01 de decembro de 2016.

Cuarto.- Á data de emisión desta proposta de resolución, non consta no expediente que por parte da reclamante se procedera á emenda do referido requisito.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

Segundo.- Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, observando as especialidades previstas no R.D. 429/1993, do 26 de marzo, que prevé algunhas peculiaridades para os procedementos sobre responsabilidade patrimonial (normativa aplicable ao procedemento que nos ocupa, de acordo co previsto na letra a) da disposición transitoria terceira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).


Terceiro.- O artigo 71 da Lei 30/1992 dispón que: *"Si a solicitud de iniciación non reúne os requisitos que sinala o artigo anterior e os esixidos, no seu caso, pola lexislación específica aplicable, requirirase ao interesado para que, nun prazo de dez días emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, si así non o fixera, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42."*


Cuarto.- No caso que nos ocupa, o requirimento de emenda da solicitude foi realizado e notificado á interesada, coa indicación esixida no artigo 71 antes mencionado, sen que ata o de agora, e pasados os dez días de prazo para emendar, se producise a emenda requirida.

Quinto.- O artigo 42 da Lei 30/1992, di que no caso de desistimento da solicitude, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorre, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 10/02/2017, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Ter por desistida da súa petición de reclamación de responsabilidade patrimonial a dona Josefa Sampedro Teira, formulada mediante escrito rexistrado de entrada na data 05/09/2016, co número 11.352, e declarar concluso o devandito





procedemento, ao non producirse a súa emenda no prazo outorgado, tal e como se lle requiriu mediante Decreto da Alcaldía de data 27/09/2016, notificado na data 01/12/2016. Todo elo, de conformidade cos artigos 42.1, 71.1 e 139 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e co artigo 6.1 do Regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial, aprobado por Real Decreto 429/1993, do 26 de marzo, normativa aplicable ao procedemento que nos ocupa, de acordo co previsto na letra a) da disposición transitoria terceira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR DONA ISABEL TEDÍN NOYA, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE “SEGUROS CATALANA OCCIDENTE S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS” POR DANOS EN VIVENDAS OCASIONADOS POR UNHA INUNDACIÓN PRODUCIDA POLO REBOSE DO ALCANTARILLADO MUNICIPAL. Expediente RP 4/2016.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **Dona Isabel Tedín Noya**, en nome e representación da entidade aseguradora **“SEGUROS CATALANA OCCIDENTE, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS”**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos e lesións sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:


FEITOS

Primeiro.- Na data 23 de agosto de 2015, sobre as 22:00 horas, produciuse unha inundación na vivenda sita no número 48 do lugar de Martín, debido ao reborde das augas pluviais a través do bote sifónico do cuarto de baño, con motivo de que o sumidoiro municipal botase por fóra, ocasionado polas fortes chuvias producidas na data, todo isto unido ao estado da marea.

Segundo.- Como consecuencia disto, producíronse diversos danos na citada vivenda, que na data do sinistro estaba asegurada coa entidade Catalana Occidente, baixo un seguro *“Multiriesgo Familia-Hogar”*, sendo o tomador do mesmo don Francisco Calo Lustres.

Terceiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 19/02/2016 co número 1.643, dona Isabel Tedín Noya, en nome e representación da entidade aseguradora **“SEGUROS CATALANA OCCIDENTE S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS”**, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira polos danos sufridos na vivenda sita no número 48 do lugar de Martín, que ~~cuantifica~~ ^{cuantifica} na contía de 1.717,31 euros, mais os xuros que legalmente procedan.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: copia simple de escritura de poder para pleitos, autorizada polo Notario, don Emilio





Rosello García, do Ilustre Colexio de Notario de Cataluña, na data 08/02/2001, co número 265 de protocolo; copia simple de póliza de "*Seguro Multiriesgo Familia-Hogar*" (contrato formalizado entre a compañía "*Seguros Catalana Occidente, S.A. de Seguros y Reaseguros*" e Francisco M Calo Lustres); copia simple do recibo de pago da póliza de seguro; copia simple do informe pericial realizado por mor do sinistro; copia simple do certificado de pago emitido por Catalana Occidente; e copia simple da proposta de indemnización aceptada polo asegurado.

Cuarto.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe emitido pola Policía local na data 29/09/2016.
- Informe emitido pola entidade Viaqua, rexistrado de entrada na data 06/10/2016.
- Informe emitido na data 10/11/2016 pola enxeñeira municipal.

Quinto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 15 días hábiles, presentándose pola interesada escrito de alegacións, rexistrado de entrada na data 20/12/2016, no que reitera a súa petición inicial.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de procedemento das administración públicas e do procedemento administrativo común, observando as especialidades previstas no R.D. 429/1993, do 26 de marzo, que prevé algunhas peculiaridades para os procedementos sobre responsabilidade patrimonial (normativa aplicable ao procedemento que nos ocupa, de acordo co previsto na letra a) da disposición transitoria terceira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 141 da Lei 30/1992, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación de expropiación forzosa, lexislación fiscal e demais normas aplicables, ponderándose no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo do disposto, respecto dos intereses de demora, pola Lei Xeral Orzamentaria. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O parágrafo 5 do artigo 142 da Lei 30/1992, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico, ás persoas o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, **está lexitimada a entidade aseguradora da vivenda nº 48 do lugar de Martín na que se produciron os danos, isto é, "SEGUROS CATALANA OCCIDENTE S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS", ao asumir a mesma o custe de reparación dos danos, como así consta no expediente co documento de certificado de pago emitido pola entidade, e de conformidade co artigo 43 da Lei 50/1980, do 8 de outubro, de Contrato de Seguro, que dispón: "El asegurador unha vez pagada la indemnización podrá ejercitar los derechos y las acciones que por razón del siniestro correspondan al asegurado frente a las personas responsables del mismo hasta el límite de la indemnización."** E fíxoo en tempo e forma idóneas, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano a contar desde a data do sinistro.

A entidade reclamante actúa representada por dona Isabel Tedín Noya, que acredita a súa representación mediante copia simple de escritura de poder para pleitos, autorizada polo Notario, don Emilio Rosello García, do Ilustre Colexio de Notarios de Cataluña, na data 08/02/2001, co número 265 de protocolo.





A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ó Concello de Riveira, por ser o titular da rede de sumidoiros, e, polo tanto, ser a Administración responsable da mesma, pois de conformidade co disposto nos artigos 25.1 c) e 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os municipios teñen competencia en materia de “abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais”, debendo prestar, en todo caso, o servizo de “sumidoiro”.


Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos na vivenda sita no número 48 do lugar de Martin. Así se deduce do informe pericial que achega a reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos, por canto a reclamante conecta os mesmos ao mal funcionamento da rede de sumidoiros municipal.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local do Concello de Riveira, non tivo constancia dos feitos polos que se reclama, polo que non puido comprobar a veracidade dos mesmos.**
- **No departamento de obras públicas do Concello tampouco se tivo constancia do sinistro.** Isto é o que reflicte a enxeñeira municipal no seu informe emitido na data 10/11/2016, no que tamén se dispón que non se poden precisar os motivos polos que o sumidoiro botou por fóra e se produciu a inundación, non realizándose ningunha actuación polo Concello.
- A entidade Viaqua, concesionaria da xestión dos servizos de abastecemento e saneamento do Concello de Riveira, tivo constancia dun aviso recibido por filtracións de auga no citado inmovible o día 24/08/2015, é dicir, ao día seguinte de acontecida a inundación, comprobando que a rede de sumidoiro municipal funcionaba correctamente e a inexistencia de indicios e restos de atasco. Así o dispón en informe rexistrado de entrada na data 06/10/2016 co número 12.994: *“Este servicio tiene constancia de un aviso recibido por filtraciones de agua en dicha vivienda el día 24/08/2015. Se acude al aviso y se comprueba que la red de alcantarillado municipal está funcionando correctamente y no hay indicios de ningún atasco, por lo que se descarta que sea un problema en la red municipal. Tampoco se nos indicó en aquel momento la existencia de ningún tipo de daño en el interior de la vivienda. Este servicio no conoce los motivos por los que supuestamente pudo rebosar el alcantarillado indicado en la reclamación, ya que no se tuvo constancia de la incidencia hasta el día siguiente, y cuando acudimos al lugar no existía ningún tipo de atasco nin indicios del mismo. Este servicio acudió al aviso por filtraciones el día 24/08/2015, y se realizó la revisión de la red de*





alcantarillado municipal, no detectando ningún tipo de atasco ni restos de que se hubiera producido, por lo que no se realiza ninguna actuación más. Viaqua, como concesionaria del Servicio Municipal de Aguas de Ribeira, tiene entre sus competencias la gestión de las redes de agua potable y saneamiento municipales, incluyendo el mantenimiento de las mismas. En la revisión realizada con fecha 30/09/2016, una vez notificada la reclamación por parte del Concello, se han detectado reparaciones recientes en la unión entre la vivienda y el camino que se encuentra en la parte posterior de la misma, así que es muy posible que en episodios de lluvia, el agua que circula por el camino, y que proviene de las bajantes y tejados de las viviendas colindantes, se filtre por los huecos existentes en dicha unión. Se adjuntan fotos del camino posterior a la vivienda y las reparaciones detectadas en la parte posterior de la vivienda afectada."

Da análise das probas practicadas, conclúese que non resulta acreditada a relación de causalidade entre o dano sufrido no inmovible sito no número 48 do lugar de Martín e o funcionamento da rede de sumidoiro municipal, polo que, como consecuencia, non pode estimarse a reclamación presentada pola entidade Catalana Occidente.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 10/02/2017, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona Isabel Tedín Noya, en nome e representación da entidade "SEGUROS CATALANA OCCIDENTE S.A DE SEGUROS Y REASEGUROS".


XII.- VAOS PERMANENTES.


Visto o escrito presentado por **Luisa Antonia Ageitos Vázquez**, de data 07/02/2017 (Rexistro de entrada nº 1.912), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible sito na da Rúa Payo Gómez, nº2 (Riveira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 10/02/2017 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a **Luisa Antonia Ageitos Vázquez** autorización para a instalación dun sinal de vao permanente (2,90 m.), con praca e inscrición de nº de licenza, na entrada ao garaxe do inmovible sito na Rúa Payo Gómez, nº2 (Riveira).

- De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os **costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso** deberán ser a costa do solicitante.





XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do auto remitido polo **Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela**, de data 09/02/2017 (Rexistrado de entrada en data 13/02/2017 co nº 2.246), no que acorda declarar terminado o Procedemento Abreviado 354/2016 por recoñecemento total en vía administrativa das pretensións da parte recorrente, Francisco Crujeiras Vidal, así como o seu arquivo.

2.- Vista a sentenza remitida polo **Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela**, de data 03/02/2017 (Rexistrado de entrada en data 14/02/2017 co nº 2.384), pola que:

"1.- Estímase o recurso contencioso-administrativo (Procedemento Ordinario 555/2015) interposto por Ageco Construcciones, S.L., no sentido de ordenar ao Concello de Riveira a que se aboe á dita recorrente a cantidade solicitada de 38.894, 00 €, xunto cos correspondentes xuros.

2.- As costas se impoñen ao Concello demandado, cunha limitación de 300,00 €"


A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda ao cumprimento da referida sentenza nos seus xustos termos.


3.- A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **José Luis Sobrido Casais** (Vixiante do Mercado Municipal), de data 14/02/2016 (Rexistro de entrada nº 2.423), no que comunica que:

"María Julia Pérez Pérez inquilina do posto nº 2 no Mercado Municipal de Riveira non ven polo seu posto de traballo dende o 15 de decembro polo que permanece pechado ó público"

4.- Visto o escrito presentado por **Xosé Antonio Vázquez Cobas – Concelleiro Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, de data 10/02/2017 (Rexistro de entrada nº 2.229), no que presenta solicitude relativa a promover o coñecemento da obra e do compromiso coa lingua, coas mulleres e co país de Rosalía de Castro

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:





- Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen á veciñanza do noso concello ao longo do mes de febreiro.

- Apoiar todas as iniciativas mobilizacións que se desenvolvan ao longo do mes de febreiro para reivindicar o futuro do noso idioma e a activación de medidas a prol do seu uso en todos os ámbitos.

- Solicitar da Xunta de Galicia mudanzas legislativas substanciais guiadas pola activación de políticas lingüísticas a prol do galego.

5.- Visto o escrito remitido **Servizo de Recadación – Unidade Central Recadación Executiva da Deputación da Coruña**, de data 28/01/2017 (Rexistro de saída nº 1.493), rexistrado de entrada en data 06/02/2017 co nº 1.794, no que solicita a emisión de informe referido á previsible utilidade da adxudicación de bens a favor de ente acreedor. Expediente nº 2008EXP35030534.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** dar traslado ao Departamento de Tesourería para que proceda á emisión do informe solicitado pola Unidade Central Recadación Executiva da Deputación da Coruña, referido ao expediente nº 2008EXP35030534.

6.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á DESESTIMACIÓN DO ESCRITO-ALEGACIÓN-RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR ALBERTO RODRÍGUEZ ALONSO EN REPRESENTACIÓN DA ENTIDADE PROMOEIJA E DAR CUMPRIMENTO A SENTENZA 243/2014 DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 370/2013, ASÍ COMO DO AUTO DE DATA 13 DE FEBREIRO DE 2015, COA DEVOLUCIÓN Á ENTIDADE “PROMOCIONES VIGUESAS LA MONTINA S.L.” DA CONTÍA DE 122.363,97 €.


Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 15 de marzo de 2007, acordou por unanimidade conceder a PROMOCIONES VIGUESAS LA MONTINA S.L. a licenza de obra nº 172/07 para a construción de edificios de 66 vivendas, garaxes e locais no lugar da Avda da Coruña, Riveira.

Segundo.- Posteriormente a Xunta de Goberno Local en sesión de data 17 de xaneiro de 2008, acordou por unanimidade o cambio de titularidade da referida licenza en favor de PROMOEIJA SLU.





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Terceiro.- Manuel Corbal Durán actuando en nome e representación de PROMOCIONES VIGUESAS LA MONTINA S.L. en escritos rexistrados de entrada nas datas 29 de xuño de 2012, 12 de novembro de 2012 e 4 de abril de 2013, (Rexistro de entrada nº 9.102, 15.034, 4.643), solicita a devolución da liquidación practicada en concepto do imposto de construcións, instalacións e obras (ICIO).

Cuarto.- Na data 10 de abril de 2014 o Xulgado do Contencioso/Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela, dita a sentenza 243/2014 no procedemento ordinario 370/2013 interposto por PROMOCIONES VIGUESAS LA MONTINA S.L., contra a desestimación presunta da solicitude de rectificación de liquidación por concepto de ICIO de 29 de decembro de 2006, por un importe de 122.363,97 €, por mor dunhas obras a realizar na Avda da Coruña (liquidación 2006/014683), no que falla que:

“
(...)

1.- Se estima en parte el recurso contencioso-administrativo nº 370/2013, interpuesto por PROMOCIONES VIGUESAS LA MONTINA S.L., contra la desestimación presunta del recurso de reposición interpuesto contra la desestimación presunta de la solicitud de rectificación de la liquidación de 29 de diciembre de 2006, por un importe de 122.363,97 €, por el impuesto sobre construcciones, instalaciones y obras, por unas obras a realizar en la Avenida de A Coruña, Ribeira, (liquidación 2006/014683).

2.- Se anulan las resoluciones presuntas impugnadas, ordenándose la retroacción de actuaciones a fin de que por el Concello de Ribeira se proceda de conformidad con lo dispuesto en el fundamento de derecho quinto de la presente resolución.

3.- No se hace expresa imposición de costas.

(...)

FUNDAMENTO XURÍDICO QUINTO.-

(...)

Se dicte la correspondiente resolución por la que se acuerde la devolución a la entidad recurrente del importe que abonó como liquidación provisional.

(...)

”

Quinto.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 28 de agosto de 2014 acordou por unanimidade:

“

(...)

DECLARAR A CADUCIDADE DA LICENZA DE OBRA Nº 172/07, outorgada a favor de PROMOCIONES VIGUESAS LA MONTINA S.L. en sesión de data 15 de marzo de 2007 para levar a cabo a construción de edificios de 66 vivendas, garaxes e locais no lugar da Avda da Coruña, Ribeira, autorizándose posteriormente pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 17 de xaneiro de 2008 por unanimidade o cambio de titularidade da referida licenza en





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

*favor de PROMOELJA SLU, ao transcurrir máis de tres anos desde o seu outorgamento sen que se iniciasen as obras, **DANDO TRASLADO DESTE ACORDO AO DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN** para que proceda segundo o disposto no fundamento xurídico nº 5 da Sentencia nº 243/14 dictada polo Xulgado de Contencioso/Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela para que proceda realizar a correspondente devolución do importe aboado no seu día en concepto de ICIO.”*

Sexto.- Por Alberto Rodríguez Alonso actuando en nome e representación da entidade PROMOELJA, en escrito rexistrado de entrada na data 16 de outubro de 2014, (Rexistro de entrada nº 12.628), preséntase escrito en relación ao acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 28 de agosto de 2014 polo que se declaraba a caducidade da licenza de obra nº 172/07, no que solicita:

“
(...)

Que proceda a la inmediata devolución del importe abonado por los derechos de licencia de obra a PROMOELJA por ser titular del citado derecho, previniéndole que, de no hacerlo así, aún a sabiendas de que es el legítimo titular de los derechos sobre la citada licencia de obras que ahora se declara caducada (ya le han sido aportado en diversas ocasiones a este Concello los documentos que lo acreditan y hay una resolución del propio Concello reconociéndolo así), se tendrá el pago por no realizado y, sin perjuicio de cualquier acción de cualquier índole jurídica que procediese, se procedería a reclamar al Concello las correspondientes responsabilidades económicas y personales, lo mismo que se haría contra la persona que firmase la devolución a persona distinta a PROMOELJA.”


Sétimo.- Co fin de proceder a devolución da liquidación por concepto de ICIO de 29 de decembro de 2006, por un importe de 122.363,97 €, o Concello de Riveira solicita na data 27 de xaneiro de 2015, (Rexistro de saída nº 452), ao Xulgado Contencioso/Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela aclaración da sentenza nº 243/14.

Oitavo.- Mediante Auto de data 13 de febreiro de 2015 emitido polo Xulgado Contencioso/Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela se acorda:

“
(...)


Denegar la aclaración de la Sentencia de fecha de 10 de abril de 2014 interesada, por estar claramente identificada la entidad a quién corresponde la devolución del importe PROMOCIONES VIGUESAS LA MONTINA S.L.”

Noveno.- Por Alberto Rodríguez Alonso actuando en nome e representación da entidade PROMOELJA, en escrito rexistrado de entrada na data 30 de xuño de 2015 e 3 de novembro de 2015, (Rexistro de entrada nº 6.927 e 11.252 respectivamente), preséntase alegacións do seguinte xeito:



“
(...)

1.- Con fecha 24 de septiembre de 2014 se notifica resolución de fecha 28/8/2014



por la que acuerda declarar la caducidad de la licencia de obra 172/2007.

2.- Frente a dicha resolución el 16/10/2014, en el plazo de un mes, conferido por dicha resolución, se presenta escrito denominado alegaciones, que debe ser considerado recurso de reposición en que solicita que la devolución se realice a favor de PROMOELJA, registro de entrada nº 12.628.

3.- Dicho escrito no ha sido resuelto por este ayuntamiento.

4.- Dicho escrito ha sido comunicado por esta corporación municipal al Juzgado de lo Contencioso Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela, Autos 370/2013, por lo que resulta una contradicción que no sea resuelto de forma expresa dicho escrito cuando, comunicada la pendencia de la resolución de dicho escrito al Juzgado y la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones públicas y del Procedimiento Administrativo Común, impone la obligación de resolver en su artículo 42, no se ha resuelto aún. El incumplimiento de dicha obligación puede acarrear responsabilidades al órgano que no lo cumplió. Pero sobre todo puede acarrear la responsabilidad de la administración si se realiza una disposición de 122.363,97 €, a favor de quién no es titular y se determina judicialmente en los oportunos recursos que la suma no corresponde a la parte a la que ha sido entregada.

(...)

”

Décimo.- Por Fernando Simón Varela, administrador Concursal da mercantil PROMOCIONES VIGUESAS LA MONTINA S.L. en escrito rexistrado de entrada na data 20 de outubro de 2016, (Rexistro de entrada nº 13.776), solicito:

“

(...)

Ruego procedan de manera inmediata al ingreso en cuenta designada ya previamente para la devolución.

Decimoprimeiro.- Consta Dilixencia de ordenación de 9 de febreiro de 2017 do seguinte xeito:

“

(...)


Habiéndose acordado por auto de fecha 17/6/16 en el que procedimiento ordinario 370/2013 que el Concello de Ribeira haga entrega de la cantidad de 122.363,97 € a quien corresponda una vez resuelto el recurso interpuesto por PROMOCIONES VIGUESAS LA MONTINA S.L. se informe del cumplimiento del auto mencionado.


(...)

”

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O artigo 103 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Lei da xurisdición contencioso-administrativa, nos seus apartados 1º e 2º, dispón o seguinte: “1. A potestade de facer executar as sentenzas e demais resolucións xudiciais corresponde exclusivamente aos Xulgados e Tribunais deste orde xurisdiccional, e o seu exércicio





compete ao que coñecera do asunto en primeira ou única instancia. 2. As partes están obrigadas a cumprir as sentenzas na forma e termos que nestas se consignen.

Visto o escrito / alegación / recurso de reposición presentado por Alberto Rodríguez Alonso actuando en nome e representación da entidade PROMOELJA en escrito rexistrado de entrada na data 16 de outubro de 2014, (Rexistro de entrada nº 12.628), vista a Sentenza 243/2014 ditada polo Xulgado do Contencioso/Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela na data 10 de abril de 2014 no procedemento ordinario 370/2013, vista a aclaración da Sentenza 370/2013 emitida polo Xulgado do Contencioso/Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela mediante Auto de data 13 de febreiro de 2015, visto o artigo 103 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Lei da xurisdición contencioso-administrativa, nos seus apartados 1º e 2º que dispón que *"1. A potestade de facer executar as sentenzas e demais resolucións xudiciais corresponde exclusivamente aos Xulgados e Tribunais deste orde xurisdiccional, e o seu exercicio compete ao que coñecera do asunto en primeira ou única instancia. 2. As partes están obrigadas a cumprir as sentenzas na forma e termos que nestas se consignen, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 13/02/2017, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:***


Primeiro.- DESESTIMAR o ESCRITO / ALEGACIÓN / RECURSO DE REPOSICIÓN presentado por Alberto Rodríguez Alonso actuando en nome e representación da entidade PROMOELJA en escrito rexistrado de entrada na data 16 de outubro de 2014, (Rexistro de entrada nº 12.628), en base ao disposto na aclaración da Sentenza 370/2013 emitida polo Xulgado do Contencioso/Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela mediante Auto de data 13 de febreiro de 2015 que falla e se transcribe *"...Denegar la aclaración de la Sentencia de fecha de 10 de abril de 2014 interesada, por estar claramente identificada la entidad a quién corresponde la devolución del importe PROMOCIONES VIGUESAS LA MONTINA S.L.*"


Segundo.- Que se proceda ao cumprimento da citada sentenza 243/2014 así como do Auto de data 13 de febreiro de 2015, **COA DEVOLUCIÓN Á ENTIDADE "PROMOCIONES VIGUESAS LA MONTINA S.L." DA CONTÍA DE 122.363,97 €.**

Terceiro.- Notificar a presente resolución a tódos os interesados, entendendo como tales a "PROMOCIONES VIGUESAS LA MONTINA SL, PROMOELJA SLU, así como ao Xulgado de Contencioso/Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela.

7.- SOLICITUDES DE SUBVENCIONES.

1.- Vista a proposta presentada polo **Alcalde, Manuel Ruiz Rivas**, de data 14/02/2017, en relación á Orde do 30 de decembro de 2016 pola que se establecen





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora de infraestruturas, dotacións, instalación e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados aos concellos de Galicia para o ano 2017, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014 - 2020. (DOG do 20/01/2017, núm. 14)

Visto o proxecto “Obras de acondicionamento e de mellora nas condicións de accesibilidade das oficinas municipais (servizos económicos) da planta baixa do edificio consistorial do municipio de Riveira”, redactado polo arquitecto municipal, de data febreiro 2017

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Primeiro.- Solicitar unha subvención ao abeiro da orde citada anteriormente para o proxecto “Obras de acondicionamento e de mellora nas condicións de accesibilidade das oficinas municipais (servizos económicos) da planta baixa do edificio consistorial do municipio de Riveira”, sendo o orzamento total do proxecto de 92.943,40€ (orzamento sen IVE: 76.812,73 €).

Segundo: aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos recollidos na citada orde.


2.- Vista a proposta presentada polo **Alcalde, Manuel Ruiz Rivas**, de data 14/02/2017, en relación á Resolución do 29 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais para o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se anuncia a convocatoria para o ano 2017. (DOG do 20/04/2017, núm. 14)


A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Primeiro.- Solicitar unha subvención ao abeiro da resolución citada anteriormente para o proxecto “Mellora da accesibilidade ao mirador “Pedra da Ra” e ao Castro da Cidá dende a CP-7301”, sendo o orzamento total do proxecto de 49.999,92€ (IVE engadido).

Segundo: aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos recollidos na citada orde.

Terceiro.- Comprometerse a financiar o importe da actividade que non resulte subvencionada ao abeiro desta convocatoria.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

3.- Vista a proposta presentada polo **Alcalde, Manuel Ruiz Rivas**, de data 14/02/2017, en relación á Orde do 30 de decembro de 2016 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2017, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia, publicada no DOG núm. 14, de data 20 de xaneiro de 2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro: Formular as seguinte solicitude de subvención:


- Liña de concorrencia non competitiva para a realización da obra que se recolle no proxecto “Melloras na rede de saneamento na Rúa Ameneiro, Rúa Canarias e Rúa Rosalía de Castro”, redactada pola Enxeñeira Municipal, D^a. Uxía Landeira Pereira, de data febreiro 2017, cun orzamento total de 8.135,13€.


Segundo: Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na citada Orde.

4.- Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Educación, M^a Herminia Pouso Maneiro**, de data 08/02/2017, en relación á convocatoria do programa de subvencións dirixidas a concellos e entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais durante o ano 2017, da Deputación da Coruña. (BOP nº 22, de data 01/02/2017).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

1. Acolleuse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda para o Conservatorio Profesional de Música de Riveira por importe de 20.000 euros, que se destinará a financiar os gastos de funcionamento e de persoal.
2. Facultar ao Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación do Concello de Riveira e formular a correspondente solicitude de axuda.
3. Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.
4. Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

5. Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.
6. Remitir antes do 28 de abril de 2018 ás 14.00 horas a memoria xustificativa da realización da actividade e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

A Presidencia levanta a sesión sendo as once horas do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.


Riveira, 16 de febreiro de 2017

O Alcalde



Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral



Juan Manuel Salguero del Valle

